



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2020/8**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, VENRES 31 DE XULLO DE 2020 -**

No día de hoxe, ás 12:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

**ASISTEN:**

PSOE

MONICA VILELA VILELA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PP

JAVIER LEMA SUAREZ

SOFIA LOPEZ SIMON

SANDRA VILELA RIVEIRO

**AUSENCIAS:**

PSOE

MANUEL CARAMES LOPEZ

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA

BNG

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

**INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

- 1.- PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE ACORDO DE ALEGACIONES AOS ORZAMENTOS
- 2.- DAR CONTA RENUNCIA A DEDICACION EXCLUSIVA E RETRIBUCIONS PRESENTADA POR DNA. MONICA VILELA E DECRETO AO RESPECTO
- 3.- TOMA EN CONSIDERACION DO ESCRITO DE RENUNCIA COMO INTEGRANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DE DNA MONICA VILELA, DNA. IRMA GARCIA, DNA TANIA ROMERO E D. MANUEL CARAMES
- 4.- DAR CONTA DECRETOS DE CESES E NOMEAMENTOS E DELEGACIONES

**1.- PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE ACORDO DE ALEGACIONES AOS ORZAMENTOS**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O Sr Alcalde intervén: "As alegacións non estaban fundadas e cun informe contundente de Intervención en contra. Pido responsabilidade aos ex concelleiros do PSOE e ao PP porque Isto implica que os veciños /as de Muxía van ter 50000 € menos."

Dna Sandra Vilela intervén seguidamente: " No pasado pleno saíu adiante unha alegación do grupo municipal do PP e non sabíamos que "in situ" tíñamos que propoñer minoracións de partidas. Si temos que pedir desculpas facémolo. En cinco minutos de receso non podemos máis que propoñer unhas partidas que logo a intervención informa que tiñan gastos comprometidos, polo que traemos agora esta proposta. Vostede cree en tramas e non é así. O tempo dará ou quitará a razón. Votamos en contra duns orzamentos porque consideramos que non eran os que necesita Muxía. As partidas nas que se fan os reaxustes teñen consignación suficiente para atender gastos e si fixera falta vostede ten remanente de sobra para facer modificacións."

Dna. Sandra Vilela explica brevemente de que partidas se retira consignación:

920.120.05	12.624,55€
912.100.00	6.400€
432.489.03	2.000€
1531.21000	5.000€
160.221.06	5.000€
151.227.06	2.000€
170.227.99	5.000€
338.226.02	1.000€
338.226.99	4.000€
912.226.99	2.000€
454.210.00	3.375,45€

O Sr. Alcalde volve a intervir: " Son 50000€ que poderían estar en orzamento e non o están por unha alegación feita mal en fondo e forma. Rebaixa partidas de perros, de asfaltos, de brigadas; Estamos en minoría pero traballaremos por Muxía e si non lle parecemos competentes, fagan a moción de censura, sexa valente."

Dna. Sandra Vilela responde: "Presentamos a alegación porque consideramos que os orzamentos estaban inflados e queda suficiente partida nas minoradas para atender todas as necesidades. O PP está aberto a falar con todo o mundo, tamén con vostede, e si continúa cun goberno en minoría imos apoialo no que teñamos que facelo e non votaremos en contra de algo beneficioso para Muxía."



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Sometido o asunto a votación, o Pleno cos votos a favor do grupo municipal do PP e de Dna, Mónica Vilela, e a abstención do resto dos concelleiros/as presentes, acorda aprobar a Proposta do grupo municipal do PP neste punto, quedando polo tanto definitivamente aprobado co seguinte resumo:

INGRESOS		
CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Capítulo 1	Impostos directos	1.239.500,00
Capítulo 2	Impostos indirectos	38.000,00
Capítulo 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	377.600,00
Capítulo 4	Transferencias correntes	1.419.685,50
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	150.100,00
Capítulo 6	Alleamento de inversión	0,00
Capítulo 7	Transferencias de capital	521.096,03
Capítulo 8	Activos financeiros	18.000,00
Capítulo 9	Pasivos Financieros	0,00
TOTAL		3.763.981,53

GASTOS
--------



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Capítulo 1	Gastos de persoal	1.626.182,26
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e servizos	1.285.824,55
Capítulo 3	Gastos financeiros	5.500,00
Capítulo 4	Transferencias correntes	182.100,00
Capítulo 5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000,00
Capítulo 6	Inversión reais	645.374,72
Capítulo 7	Transferencias de capital	0,00
Capítulo 8	Activos financeiros	18.000,00
Capítulo 9	Pasivos Financeiros	0,00
<b>TOTAL</b>		<b>3.763.981,53</b>

**2.-DAR CONTA RENUNCIA A DEDICACION EXCLUSIVA E RETRIBUCIONS PRESENTADA POR DNA. MONICA VILELA E DECRETO AO RESPECTO**

A Secretaria da conta ao Pleno da renuncia de Dna. Mónica Vilela a súa dedicación exclusiva e retribucións, aceptada por decreto de Alcaldía de 28.7.2020.

**3.-TOMA EN CONSIDERACION DO ESCRITO DE RENUNCIA COMO INTEGRANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE DE DNA MONICA VILELA, DNA. IRMA GARCIA, DNA TANIA ROMERO E D. MANUEL CARAMES**



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

O Pleno toma constancia do escrito presentado por Dna Mónica Vilela, D Manuel Caramés, Dna Irma García e Dna Tania Romero, manifestando a súa vontade de abandonar o grupo municipal do . PSOE. Os/as mencionados concelleiros/as pasan a considerarse NON ADSCRITOS.

#### **4.-DAR CONTA DECRETOS DE CESES E NOMEAMENTOS E DELEGACIONES**

A Secretaria da conta ao Pleno dos decretos de Alcaldía de data 24/07/2020 sobre delegación en materia de educación e cultura en Dna Olalla Benlloch, e de data 28 de xullo 2020 sobre ceses de integrantes Xunta de Goberno Local, tenencias de Alcaldía , avocación de competencias de Servicos Sociais e outros, así como de nomeamentos de novos integrantes da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde e de delegacións de obras en D. Javier Romar.

Ás 12:38 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, xoves 6 de agosto de 2020

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña